

Informe



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

METODOLOXÍA DO  
TRABALLO  
TERMINOGRÁFICO  
PUNTUAL EN  
LINGUA GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA



**Rodríguez Río, Xusto A.**

**Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega / Xusto A.**

**Rodríguez Río. -- Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega,**

**Sección de Lingua, 2003. -- 119 p. ; 17 cm. -- (Informes)**

**D.L. C-2425-2003. -- ISBN 84-95415-73-9**

**1. Lingua galega-Informes. I. Consello da Cultura Galega. Sección de  
Lingua. II. Título**

EDITA:

© Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2.º andar

Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 957 202

Fax: 981 957 205

correo@consellodacultura.org

EDICIÓN:

Iolanda Galanes Santos

Mar González Tarrela

Ana Martínez Fernández

COORDINADOR DA SECCIÓN DE LINGUA:

Henrique Monteagudo

Deseño: [BARRO, SALGADO, SANTANA]

Realización:

OFFSET VALLADARES

Imprime:

OFFSET VALLADARES

ISBN 84-95415-73-9

D.L. C-2425-2003



METODOLOXÍA DO  
TRABALLO  
TERMINOGRÁFICO  
PUNTUAL EN  
LINGUA GALEGA

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO

SECCIÓN DE LINGUA



# ÍNDICE

PRESENTACIÓN .....	7
LIMIAR .....	9
INDICACIÓN S PREVIAS .....	13
O traballo terminográfico e os seus métodos .....	13
Algunhas cuestións básicas sobre terminoloxía.....	14
FASES DO TRABALLO TERMINOGRÁFICO PUNTUAL .....	17
0. Fase previa.- As diversas formulacións do problema .....	17
1. Determinar con exactitude o concepto ou conceptos implicados no problema .....	18
1.1. Pasos na determinación do concepto .....	20
1.2. Aplicación ao contexto galego .....	22
2. Buscar a denominación que recibe ese concepto na lingua pola que se consulta .....	24
2.1. Pasos na busca da denominación .....	24
2.2. Aplicación ao contexto galego .....	27
3. Avaliar a calidade e as perspectivas de asentamento no uso real da(s) denominación(s) atopada(s) ....	31
3.1. Características xerais .....	31
3.2. Aplicación ao contexto galego .....	33
3.2.1. Criterios da vertente intrínseca .....	33
3.2.2. Criterios da vertente pragmática .....	41
4. Resultado e conclusións da avaliación .....	47
4.1. Avaliación positiva .....	48
4.2. Avaliación negativa .....	48
5. Elaboración da proposta neolóxica: etapas .....	48

5.1. Valorar as posibilidades ofrecidas pola neoloxía de formación propia.....	49
5.1.1. Posibilidades da neoloxía de sentido.....	50
5.1.2. Posibilidades da neoloxía formal.....	52
5.2. Optar pola neoloxía de préstamo.....	53
5.2.1. A través do préstamo por substitución.....	54
5.2.2. A través do préstamo por importación.....	56
6. Validación da proposta neolóxica e resposta ao consultante.....	58
ALMACENAXE E DIFUSIÓN DA TERMINOLOXÍA CREADA.....	61
ANEXOS.....	67
Anexo I.....	69
A produción terminográfica galega: unha listaxe non-exhaustiva.....	69
Anexo II.....	95
Selección de materiais terminográficos accesibles a través de Internet.....	95
Compilacións de repertorios terminográficos.....	95
Repertorios ou bancos de datos terminográficos.....	96
Repertorios ou bancos multitemáticos e multilingües.....	96
Repertorios ou bancos multitemáticos e monolingües.....	97
Bancos e dicionarios monotemáticos e multilingües.....	98
Bancos ou dicionarios monotemáticos e monolingües.....	100
Anexo III.....	103
Algunhas notas sobre a produción terminográfica galega.....	103
Anexo IV.....	107
A adaptación de préstamos por importación.....	107
A adaptación das vocais.....	108
A adaptación das consoantes.....	110
BIBLIOGRAFÍA.....	115

## **PRESENTACIÓN**

A presente obra vén ser o primeiro froito da actividade da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega na área da Terminoloxía. En concreto, nace pola preocupación do autor por dotar de ferramentas de traballo aos profesionais da lingua en Galicia, preocupación igualmente sentida nas primeiras reunións da Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade creada en 2001 con sede na Sección de Lingua. Con esta publicación o Consello acolle, a partir dunha iniciativa particular do autor, o primeiro produto xerado no marco da Comisión que conta ademais co asesoramento e supervisión dos seus membros.

Estamos convencidos de que teñen nas súas mans unha obra que contribuirá á mellora das prácticas terminográficas que se seguen para a modernización do galego. Trátase do primeiro método de elaboración de terminoloxía puntual publicada no noso contexto que, de seguro, ha servir de referencia no labor profesional de todas aquelas persoas vinculadas ó traballo terminolóxico de modo central ou transversal.

O valor desta obra non reside só na calidade e rigor con que está elaborada, mais tamén en que está realizada desde unha concepción pragmática e posibilista, que ten en conta as circunstancias reais nas que o traballo terminográfico se desenvolve en Galicia, e que intenta adaptar as pautas internacionais de forma que sexan aplicables para un profesional que traballe actualmente en Galicia. Así, a súa publicación responde tamén ao obxectivo de incardinar a produción terminolóxica galega nas redes internacionais abundando asemade na súa visibilidade.

O Consello da Cultura Galega pretende así contribuir ao desenvolvemento das industrias da lingua en Galicia, abrindo unha liña de publicación e de investigación que cremos necesaria.

*Henrique Monteagudo*  
Coordinador da Sección de Lingua





## LIMIAR

O traballo que agora teñen nas súas mans é o resultado dunha serie de circunstancias profesionais que primeiro me enfrontaron como usuario aos problemas vinculados co traballo terminográfico puntual, especialmente os concernentes á lingua galega, e despois me levaron a reflexionar sobre eles desde un punto de vista máis teórico.

Ao comezar a traballar no Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e enfrontarme por vez primeira coas dificultades léxicas e terminolóxicas que xurdían na revisión de documentación técnica sorprendíame que non existisen padróns de actuación que permitisen resolver case de xeito automático as dúbidas que se me presentaban (*¿Integramos a denominación estranxeira ou potenciamos o emprego dunha palabra galega? ¿Aceptamos a forma estranxeira sen modificar ou intentamos axustala ás pautas gráficas do galego? Para referirse a un concepto Y ¿non sería posible aproveitar a forma galega X que designa unha realidade moi semel-lante?*).

Co tempo e a experiencia de traballo funme decatando de que as vicisitudes das palabras son complexas de máis para someterse rixidamente a padrón de funcionamento ningún, polo menos no que ten que ver coa súa circulación entre as linguas e coa fortuna que poden facer ou non nelas. Pero tamén tiña claro que non debiamos aceptar a intuición persoal ou as propostas *ad hoc* como mecanismos principais para enfrontarse á problemática vinculada á modernización terminolóxica do galego, e que sería útil establecer algún tipo de pautas orientativas que lle desen unha certa unidade a ese proceso sen entalalo en protocolos estritos.

Ese diagnóstico e esa necesidade era tamén compartida por outras entidades, que emprenderon iniciativas nesa dirección. Así, a Coordinadora de Traballadores/-ras de Normalización da Lingua organizou un curso sobre traballo terminográfico puntual, que fun convidado a impartir, e que me obrigou a sistematizar por primeira vez as miñas impresións intuitivas nun documento que é o xermolo deste traballo. Igualmente, a Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega viña insistindo desde as súas

primeiras reunións na necesidade de elaborar ferramentas metodolóxicas de apoio aos profesionais que traballan habitualmente con documentación especializada en lingua galega. Cando os seus membros consultaron os materiais do curso convidáronme a reelaboralos e desenvolvealos co fin de presentar un documento máis completo e exhaustivo que, despois de discutido e aprobado na devandita Comisión, é o que aquí se edita.

Despois do dito nos parágrafos anteriores é evidente que este texto non pretende converterse nun canon de aplicación automática. De feito, un título menos ambicioso como “Apuntamentos para unha metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega” describiría mellor a súa vocación, que non é outra ca contribuir a mellorar as prácticas terminográficas que se seguen para a modernización do galego. Para iso propóñense unhas liñas de traballo abertas que respectan os fundamentos básicos da investigación terminolóxica e que intentan tomar en consideración os múltiples factores que poden intervir sobre a valoración final que recibe un termo.

O feito de traballar como mediador lingüístico, e ser consciente das circunstancias reais nas que o traballo terminográfico –especialmente o puntual– se desenvolve en Galicia, fíxome optar por unha concepción pragmática e posibilista da metodoloxía. É dicir, preocupábame especialmente non limitarme a ofrecer unhas liñas de traballo acaídas ao ideal metodolóxico pero imposibles de aplicar para un profesional medio que traballe actualmente sobre a lingua galega.

Por esa razón, a metodoloxía aparece estruturada en dous planos:

1. Nun primeiro nivel preséntanse de xeito cronolóxico as distintas etapas que se deben seguir no proceso de investigación, desde a identificación do problema ata a difusión e o almacenamento da solución pola que se optou.
2. Dentro das distintas etapas, polo menos das non–vinculadas exclusivamente ao galego, distínguense dous bloques. O primeiro ten vocación xeral e nel preséntanse as accións que en teoría habería que realizar para cumprir co obxectivo fixado nesa etapa. O segundo adapta esas accións á situación galega, e nel inténtanse propor procedementos que respecten os fundamentos esenciais da investigación terminolóxica pero que ao mesmo tempo sexan viables tendo en conta

os medios humanos, materiais e tecnolóxicos con que se conta en galego<sup>1</sup>.

Non quero rematar esta presentación sen manifestarlles o meu recoñecemento a todas as persoas e entidades que contribuíron a que esta publicación estea hoxe ao seu dispor. Por suposto, aos membros da Comisión de Linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega, por animarme a realizar este traballo, por ler, discutir e propor melloras sobre as súas versións previas e por recomendalo finalmente para a publicación. Tamén á Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, por cederme a súa compilación bibliográfica sobre terminografía galega e permitir a súa publicación. E finalmente, á Coordinadora de Traballadores/-ras de Normalización da Lingua por convidarme a impartir o curso que me obrigou a reflexionar de xeito sistemático sobre estas cuestións, e ao alumnado que asistiu a el polas suxestións realizadas no seu transcurso.

*Xusto A. Rodríguez Río*

---

<sup>1</sup> Esta adaptación ao aquí e agora da realidade galega pode facer que a información e as propostas de traballo que se recollen neste segundo bloque perdan axiña a súa vixencia (será un bo sinal e un sintoma de que as circunstancias mudaron para mellor). Aínda así, consideramos preferible ese “risco” –que sempre se podería minimizar con actualizacións periódicas desta metodoloxía– antes ca manterse nun plano xeralista e se cadra pouco útil para os usuarios finais deste traballo.



## INDICACIÓNS PREVIAS

### O traballo terminográfico e os seus métodos

O traballo terminográfico, entendido como a vertente aplicada da investigación terminolóxica, lévase a cabo seguindo dúas vías distintas: a sistemática ou temática e a puntual.

A primeira delas ten como obxectivo a análise de todos os termos dunha área de especialidade e plásmase normalmente na elaboración de produtos terminográficos (dicionarios, vocabularios, léxicos, glosarios...) monolingües ou plurilingües.

A segunda limitase a estudar un termo concreto ou uns poucos relacionados dentro da mesma área temática, e adoita estar vinculada á análise e resolución de dúbidas puntuais xurdidas arredor dun termo ou dalgún dos seus elementos.

A investigación terminográfica sistemática é a máis e mellor estudada, e plásmase hoxe nunha abondosa bibliografía metodolóxica, tanto de vocación internacional (ISO, 1996 e ISO, 2000), como de alcance máis restrito: quer para organismos concretos (Rousseau, 1995), ou para linguas específicas (Auger e Rousseau, 1987 para o francés; Termcat, 1990 para o catalán). As recomendacións recollidas nestes traballos poden –cunhas poucas adaptacións– servirnos como guía xeral para os traballos terminográficos sistemáticos que se emprendan en lingua galega<sup>2</sup>.

Pola contra, a investigación puntual é arrombada con moita frecuencia ao apoñérselle o seu carácter parcial e a súa falta de sistematicidade, o que pode provocar que se difundan propostas terminolóxicas de baixa calidade e que non se integran adecuadamente na área de especialidade correspondente. Ademais, as investigacións deste tipo poden seguir estratexias moi distintas, condicionadas normalmente polas particularidades da consulta de que se parte. Por eses dous motivos resulta difícil presentar un veyro único que deba percorrerse durante un traballo terminográfico puntual e, probablemente por iso, a bibliografía metodolóxica que o ilustra é moito menor: abrangue pequenos apartados nos manuais citados na nota 2 e algún traballo

---

<sup>2</sup> Ademais, manuais como os de Rondeau (1983), Cabré (1992), Dubuc (1992), Sager (1993), Wright e Budin (1997) ou Pavel e Nolet (2001) inclúen tamén amplos epígrafes dedicados a esta vertente do traballo terminográfico.

específico como o de Célestin, Godbout, Vachon–L’Hereux (1984).

Porén, calquera que coñeza as dinámicas de traballo dun servizo lingüístico sabe que os profesionais que nel traballan deben recorrer á investigación puntual con moita frecuencia. Por iso, cremos interesante propoñer unhas pautas básicas que permitan darlle unha certa homoxeneidade a esta vertente do traballo terminográfico e mellorar a calidade e as posibilidades de implantación das propostas terminolóxicas que desde eles se fan.

### **Algunhas cuestións básicas sobre terminoloxía**

Antes de entrar na descrición das distintas etapas en que cómpre secuenciar o traballo terminográfico puntual, parece interesante lembrar de maneira moi breve algún dos principios sobre os que se asenta esta disciplina. Para ampliar información sobre calquera destes aspectos, poden dirixirse aos manuais citados na nota 2.

#### **1 Facer terminoloxía non é traducir**

O obxectivo é buscar a denominación ou denominacións que nunha lingua se usan para nomear un concepto que noutra lingua recibe un nome *x*, avalialas e recomendar a utilización de unha ou máis delas. Se ningunha destas ten calidade abondo como para que se recomende o seu uso, cómpre propor a súa substitución por outra ou outras máis adecuadas.

#### **2 Para os usuarios reais da terminoloxía (técnicos, divulgadores científicos, docentes...) non adoitan existir os “baleiros denominativos”**

Por “baleiro denominativo” entendemos unha situación na cal un concepto ben delimitado non ten nunha lingua concreta ningún nome que o represente. Na práctica esta situación é insólita xa que se unha lingua se usa como vehículo de transmisión de coñecementos dunha área técnica ou especializada vai dotarse de todas as formas lingüísticas que lle cumbran para designar os conceptos que manexa.

Outra cousa moi distinta é que esas formas se arrecaden importándoas directamente doutra lingua, ou que se creen seguindo un mecanismo de formación que distorsiona as regras do idioma receptor, ou que poidan merecer unha valoración

negativa desde o punto de vista da corrección lingüística, da concorrencia con formas autóctonas, etc.

**3 Os termos propostos deben estar documentados no uso real**

A base do traballo terminolóxico é a compilación, valoración e selección de denominacións realmente usadas. Só estaremos autorizados a realizar unha proposta neolóxica se despois desa análise se chega á conclusión de que as formas recollidas non posúen calidade abondo como para recomendar o seu emprego.

**4 Un termo está formado por un significante (denominación) e un significado (concepto)**

Polo tanto, traballos que recollen só listaxes supostamente equivalentes de denominacións en varias linguas, sen indicar por vías directas ou indirectas a qué concepto fan referencia, non se deberían considerar obras terminográficas en sentido estrito, xa que poden provocar múltiples confusións no momento da súa utilización práctica.

**5 Os termos non son unidades illadas, senón que se integran nunha estrutura**

Como signos que son, o seu significado determínase en función das relacións que manteñen coas outras unidades que forman parte do mesmo campo especializado.

**6 A finalidade das propostas terminolóxicas debe ser acadar un uso real e substituír outras espurias**

Polo tanto, antes de aconsellar o uso dun novo termo, debemos intentar velo tal como o farían os seus usuarios reais, que non van ser lingüistas, senón mediadores lingüísticos, profesionais de diversas áreas de especialidade, divulgadores científicos, docentes ou cidadáns en xeral. Xa que logo, o peso de argumentos como a “precisión” ou a “pureza lingüística” debe combinarse co que acheguen criterios de indole máis pragmática como a economía de espacio, a eufonía, a frecuencia de uso, os valores connotativos, a tradición, o grao de internacionalidade, etc.





## FASES DO TRABALLO TERMINOGRÁFICO PUNTUAL

### 0. Fase previa.- As diversas formulacións do problema

Como dixemos máis arriba, este tipo de traballo terminográfico vai arrincar case sempre dun problema concreto ao que hai que lle dar resposta, pero que pode presentar características moi diversas en función da información que se coñeza previamente e da incógnita que cumpra resolver. Así, pode ocorrer que<sup>3</sup>:

- a) Non saibamos cál é a denominación galega dun concepto que outra lingua nomea como  $x$ , pero do que podemos descoñecer as súas características concretas.

Ex.: ¿Cal é a palabra galega correspondente ao que en castelán, dentro do ámbito de Internet, se coñece como “enlace”?

- b) Non saibamos cál é o nome en galego dun concepto que temos ben determinado, pero do que ignoramos a denominación noutras linguas.

Ex.: ¿Como se lle chama en galego á ‘maneira de colocar pezas ou elementos en ringleiras paralelas, de forma que os puntos onde se sitúan as pezas nunha delas correspondan cos puntos medios do espacio existente entre dúas pezas da fila paralela’?

- c) Non saibamos se unha denominación galega remite exactamente ao mesmo concepto ca unha doutra lingua –o que as convertería en equivalentes–, ou se os seus contidos son parcialmente diferentes.

Ex.: ¿O termo galego de arquitectura denominado “arco perpiaño” é equivalente exacto do castelán “arco fajón” ou hai entre eles algunha diferenza?

- d) Non saibamos se dúas ou máis denominacións galegas son ou non sinónimas perfectas.

co.

Ex.: ¿As denominacións “canzorro” e “ménsula” designan o mesmo tipo de elemento arquitectónico, ou fan referencia a conceptos moi próximos pero parcialmente distintos?

- e) Non saibamos elixir entre varios sinónimos galegos cuál é o preferible á hora de empregalo nun texto determinado.

Ex.: Entre denominacións como “árnica”, “herba cheirenta” e “quina dos pobres”, que os dicionarios recollen como sinónimas ¿hai algún criterio que permita preferir unha ou outra nun contexto determinado ou pode recorrerse a calquera delas indistintamente?

- f) Non saibamos cuál dunha serie de variantes gráficas da mesma denominación é preferible

Ex.: Entre as variantes “cambray”, “cambrai” e “cambraia”, todas documentadas en galego e rexistradas en obras lexicográficas ou terminográficas co significado de ‘tecido de algodón fino que se emprega en lenzaría’, ¿hai algunha que poida considerarse máis aconsellable cás outras?

Cada unha destas cuestións –e mais algunhas outras que poderíamos engadir– pode presentarse de xeito independente, pero o máis frecuente é que vaian xurdindo en momentos sucesivos dunha mesma investigación terminográfica. Así, os problemas relacionados coa determinación do concepto adoitan aparecer nas primeiras etapas do traballo, mentres que cuestións como a determinación do grao de sinonimia ou a selección de variantes gráficas xorden en niveis máis avanzados da investigación.

Aínda que cada un dos problemas esixirá a análise de certos aspectos particulares, en todos cómpre seguir un tronco metodolóxico común, que é o que pasamos a describir a partir deste momento, aínda que prestándolle unha atención especial ao descrito no ítem *a*), xa que é o que con máis frecuencia se presenta.

## **1. Determinar con exactitude o concepto ou conceptos implicados no problema**

Aínda que nalgún caso é posible que entre a información da que partimos figure unha descrición detallada do concepto (*vid.* o ítem *b* do apartado anterior), o máis frecuente é que

debamos empezar a nosa investigación buscando a delimitación conceptual de unha ou varias denominacións que si coñecemos (por ex. nos ítems *a*, *c*, *d*, *e* ou *f* do mesmo apartado)<sup>4</sup>. Esta busca basearase na indagación sobre fontes externas, quer escritas –documentación en soporte impreso ou electrónico–, quer orais –a persoa que formulou a consulta ou outro especialista na materia–, e terá que combinar o uso de fontes lexicográficas e terminográficas co de textos especializados.

Dentro deste abano de posibilidades debemos optar sempre polas fontes máis fiables, sobre todo nun momento en que a expansión da Internet e das novas tecnoloxías da información e a comunicación permiten que poidamos acceder a un volume de documentación especializada que aumenta de xeito exponencial, pero que en moitos casos non ofrece garantías de calidade científica e/ou lingüística.

O que acabamos de dicir sitúanos perante o problema de cómo determinar a fiabilidade dunha fonte, cuestión que debe ser avaliada en cada caso en concreto, pero para a que se poden ofrecer algunhas pautas orientativas de validez xeral:

- En obras lexicográficas ou terminográficas, a calidade dun traballo está condicionada por unha serie de factores obxectivos, tanto internos (aplicados na elaboración do produto) como externos (aplicados na súa presentación e difusión), entre os que destacamos, seguindo basicamente a Cabré (1998) e a VV. AA. (1998):
  - os medios por que se difundiu e a facilidade ou dificultade de acceder a el
  - a indicación de obxectivos e destinatarios do traballo (nas obras terminográficas)
  - a organización e a estruturación clara da área de traballo e a referencia en cada termo á subárea especializada á que pertence
  - a indicación da metodoloxía aplicada na súa elaboración e a adecuación desta ás normas internacionais de terminoloxía

<sup>3</sup> Presentamos unicamente unha formulación sinxela dos problemas máis frecuentes, acompañada dun exemplo ilustrativo.

- a presenza de bibliografía (nas obras terminográficas)
- a constitución dun equipo autorial formado por especialistas en terminoloxía e especialistas na materia de que se trate
- o peso normativo dos termos recollidos
- a presenza de definicións, da fonte de onde se extraeu a denominación e de contextos de uso
- a inclusión de índices por linguas
- o grao de actualización do traballo

No contexto galego os criterios que máis parecen valorar os usuarios son o feito de que o repertorio estea dotado de autoridade normativa<sup>5</sup>, o prestixio dos autores ou das entidades que os editan e o grao de difusión do repertorio.

- No caso das fontes especializadas (documentación técnica), o prestixio profesional do autor do documento, o da entidade ou da publicación que o edita fan aumentar ou diminuír o nivel de fiabilidade do documento.

### ***1.1. Pasos na determinación do concepto***

Despois do dito nas liñas anteriores sobre os distintos camiños que podería seguir a consulta e os niveis de fiabilidade que, en xeral, ofrece cada un deles, nós propoñemos un sistema de busca que se organice en tres etapas sucesivas ás que se ira accedendo en caso de non atopar na precedente a información desexada:

#### **1 Buscar en dicionarios en papel ou electrónicos na mesma lingua da denominación**

Non debemos esquecer que é esencial validar con mostras do uso real –documentación especializada escrita ou oral– a información recollida nas fontes lexicográficas, tal como se indicaba nas “cuestións previas” citadas máis arriba).

<sup>4</sup> Moitas veces, para delimitar con exactitude as características dun concepto hai que realizar unha investigación microtemática, que estuda as relacións existentes entre varios deles e marca os trazos que os distinguen.

<sup>5</sup> Como é ben sabido a potestade normativa sobre o idioma galego reside por lei na Real Academia Galega.

## 2 **Buscar en corpus de textos especializados na mesma lingua da denominación**

Aínda que o ideal sería elaborar un corpus documental da área á que pertence o concepto que queremos fixar, como se fai nos traballos terminográficos sistemáticos, na práctica real do traballo puntual esa posibilidade é practicamente inviable por razóns de tempo. Polo tanto, a nosa busca debe tirar partido dos corpus xa existentes, especialmente do inmenso banco documental que supón a Internet, pero sen deixar de ter presentes as limitacións que moitas desas fontes presentan en canto ao seu grao de fiabilidade. Hai tamén que ter en conta que non todos os exemplos nos que documentemos un termo van ser igual de útiles para a determinación do concepto. Así, interésannos especialmente os contextos de uso que incorporen información sobre os trazos básicos do concepto (o que normalmente se coñecen como contextos definitorios)<sup>6</sup>.

## 3 **Buscar a través das denominacións doutra lingua**

Este procedemento debe ser empregado con moita prudencia e sempre despois de que non desen froitos as dúas etapas anteriores, pois obríganos a establecer unha equivalencia a priori entre as denominacións de dúas linguas distintas, o que pode inducir a conclusións erróneas, xa que non é nada estraño que denominacións case idénticas en linguas diferentes designen conceptos parcialmente diverxentes<sup>7</sup>.

Polo tanto, este recurso debe limitarse a aqueles casos en que teñamos altas expectativas de que as denominacións dun e outro idioma remiten exactamente ao mesmo concepto. O grao máximo de certeza dáse cando existe unha terceira

e no ámbito restrinxido da terminoloxía no Servizo Galego de Terminoloxía (Termigal), constituído por convenio entre a propia Academia e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia en 1996. Pódese ver un resumo das súas actividades en Alvaríño Alvaríño *et alii* (2001) e en González González (2000) e (2001).

---

<sup>6</sup> Para máis información sobre tipoloxía de contextos e a súa utilidade en terminoloxía *vid.* Auger e Boulanger (1997).

<sup>7</sup> Por exemplo a ‘acción de eliminar o gromo central dunha planta, co fin de favorecer o xurdimento dos gromos laterais’ recibe en castelán o nome de *pinzada*, pero esa denominación non remite en galego ao mesmo con-

denominación procedente dunha linguaxe internacional (a nomenclatura química, a nomenclatura botánica ou zoolóxica...) con respecto á cal as denominacións das diversas linguas son equivalentes.

Así, se intentamos determinar as características do animal coñecido en español como *ácaro de los bulbos*, poderemos buscar descrições noutro idioma, accedendo a elas a través da identificación inequívoca que nos ofrece o nome científico da especie (*Rhizoglyphus echinopus-fum*).

### 1.2. *Aplicación ao contexto galego*

Cando intentemos aplicar eses pasos ao traballo con termos galegos comprobaremos que con demasiada frecuencia precisaremos recorrer ao terceiro deles, a causa do incompleto desenvolvemento da produción lexicográfica especializada en lingua galega e da escasa presenza deste idioma como vehículo de comunicación en determinadas áreas de especialidade. Outras veces é o descoñecemento desa produción ou da documentación técnica á que se pode acceder a que provoca que empreguemos fontes non galegas para determinar as características básicas dun concepto, ou tamén que ignoremos as propostas denominativas alí recollidas para a designación deses conceptos.

Polo tanto, neste apartado centrarémonos en presentar as principais fontes nas que se pode atopar información actualizada e completa sobre ese tipo de produción.

Para determinar a bibliografía terminográfica existente en galego, así como algunhas das características básicas da maior parte dela (número de entradas, información presente en cada unha, etc.), a mellor vía é a consulta frecuente da Bibliografía Automatizada da Lingua Galega (Bilega), proxecto do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que mantén, alimenta e difunde a través da Internet<sup>8</sup> unha base de datos con toda a produción lingüística relacionada co idioma galego. Os repertorios bibliográficos publicados en papel, como García Gondar (1995) ou Regueira Fernández (1996), ou o que incluímos no anexo I son tamén útiles, pero o seu valor vese limitado pola falta de actualización inherente a ese soporte de traballo.

Outra posibilidade é consultar algún dos centros de información e recursos sobre a lingua galega existentes na actualidade. O máis especificamente centrado no ámbito que aquí cepto, que é designado por medio do substantivo *despunta*. Así mesmo, no ámbito da política, a 'redistribución ou delegación de poder político desde un órgano central cara a outro de alcance inferior, normalmente rexional',

nos ocupa é Termigal (termigal@cirp.es), pero tamén poderíamos acudir á Sección de Asesoramento da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es/dxpl/ferramentas/asesoramento/asesoramento.htm>) ou para consultas de tipo documental ao Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega (<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/>)<sup>9</sup>.

Tamén podemos recoller información sobre a produción terminográfica nos catálogos bibliográficos das grandes bibliotecas, pero sendo conscientes da limitación derivada de que indiquen unicamente os fondos de que elas dispoñen. Son máis útiles para recoller información sobre o volume de documentación técnica ou científica que existe en galego ou noutras linguas sobre un determinado tema.

Cada vez con máis frecuencia é posible consultar eses catálogos a través da Internet, o que mellora notablemente a súa accesibilidade e a súa eficacia como ferramentas informativas. Algúns dos máis interesantes aos que podemos acceder son:

- *Catálogo da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela* (<http://busc.usc.es/>).
- *Catálogo da Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo* ([http://biblio.cesga.es/search\\*gag/](http://biblio.cesga.es/search*gag/))
- *Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia* (<http://212.51.60.146/screens/iniciogag.html>)
- *Catálogo da Rede de Bibliotecas Universitarias Españolas (Rebiun)* (<http://rebiun.cre.org/cgi-bin/rebiun/LL13/GO>)
- *Catálogo Porbase (Base Nacional de Datos Bibliográficos)* (<http://ipac.bn.pt/ipaccgi/ipac.exe>)
- *Catálogo do ISBN español* (<http://www.mcu.es/bases/spa/isbn/ISBN.html>)

denomínase en inglés *devolution*, concepto que en galego non se designa coa forma paralela *devolución* senón como *descentralización* ou *autonomía*.

---

<sup>9</sup> Pódese acceder a ela no enderezo <http://airas.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html>.



O terceiro tipo de fontes que nos poden axudar para determinar con claridade as características do concepto son as fontes electrónicas (corpus textuais, páxinas web...). En 2.2. imos explicar con máis detalle a utilidade deste tipo de materiais e cómo coa axuda dos buscadores podemos converter toda a Internet nun gran corpus multitemático e multilingüe aberto ás nosas consultas, tanto sobre a denominación como sobre o concepto do termo que estamos estudando.

## **2. Buscar a denominación que recibe ese concepto na lingua pola que se consulta**

Logo de delimitado e definido o concepto, debemos intentar determinar a denominación ou denominacións que realmente se empregan na lingua que é obxecto de consulta. Para iso temos que emprender en fontes documentais nese idioma unha busca que, en función da información coa que contemos, pode comezar en traballos lexicográficos ou terminográficos multilingües e confirmarse despois en documentación especializada, ou pode arrincar directamente neste segundo tipo de material.

### **2.1. Pasos na busca da denominación**

#### **1 Busca en dicionarios ou vocabularios**

A nosa investigación poderá comezar por aquí sempre que, ademais das características do concepto, coñezamos a denominación que este recibe nalgunha outra lingua ou supoñamos a que pode recibir no propio idioma polo que se consulta.

No primeiro dos casos deberíamos revisar dicionarios e vocabularios multilingües para ver se neles se ofrece algunha posible denominación na lingua destino da consulta. No segundo caso (supomos qué denominación pode recibir o concepto na lingua de destino) debemos intentar confirmar esa hipótese en dicionarios monolingües e contrastar a definición que alí se ofrece coa descrición que posuímos para o concepto.

Así por exemplo, se sabemos que en inglés se denomina *attachment* ao arquivo ou programa que se envía vinculado a unha mensaxe de correo electrónico,

podemos buscar en traballos terminográficos galegos relacionados coa informática ou as telecomunicacións ata atopar unha posible resposta, como a que se nos ofrece en Realiter (2000), onde se propón *anexo* como denominación galega.

Ou tamén, se temos ben caracterizado o concepto que en castelán se denomina *ateroesclerosis*, podemos buscar en fontes lexicográficas galegas (por ex. en Daviña Facal, 2000) a palabra que probablemente designe a mesma patoloxía – neste caso *aterosclerose*– e comparar as definicións para confirmar que en realidade se trata de denominacións equivalentes para o mesmo concepto.

Estas buscas poden realizarse en traballos difundidos en dous tipos de soporte: o papel e o formato electrónico. A posibilidade de acceso aos primeiros dependerá dos fondos bibliográficos dispoñibles no posto de traballo e da capacidade adquisitiva de cadaquén. Pola contra, calquera pode acceder a baixo custo a un amplísimo repertorio de materiais lexicográficos e terminográficos en Internet, o que permitirá prescindir da consulta de fontes en papel nun bo número de casos. No anexo II preséntanse unha serie de páxinas web que se dedican á compilación deste tipo de traballos en diversas linguas, así como unha selección de dicionarios e vocabularios en liña que poden ser de utilidade no proceso de busca ou de confirmación da denominación.

Así e todo cómpre lembrar que, no caso de atopar unha resposta nestas fontes, deberemos contrastala en documentos reais, pois como xa dixemos máis arriba, os materiais lexicográficos e terminográficos non serven de aval do uso efectivo dun termo.

## 2 Busca en documentación especializada

Se a información que coñecemos non inclúe unha denominación nesta lingua ou se –incluíndoa– a procura en dicionarios e vocabularios multilingües non ofreceu ningún resultado, haberá que comezar a investigación directamente na documentación especializada.

Este tipo de busca é máis dificultosa, pois tense que realizar cun enfoque dedutivo centrado en intentar illar unha denominación probable para o concepto que

determinamos na etapa 1, partindo de datos como os seus trazos significativos básicos, as denominacións de conceptos estreitamente vinculados con este (xenéricos, específicos ou coordinados), as características da subárea de especialidade a que pertence, etc. Se ese labor de busca ten éxito, chegaremos a identificar unha posible denominación, pero haberá que comprobar outra volta sobre a documentación real se efectivamente designa o concepto devandito.

Enfrontados por exemplo á necesidade de determinar cuál é a palabra galega que designa o mesmo concepto có castelán *raspón* ('ramificación que forma el racimo de la uva y a la que se prenden estas'), o primeiro paso será buscar en dicionarios ou vocabularios bilingües para intentar atopar a denominación equivalente.

Se esa busca non ofrece resultado, deberemos revisar documentación galega na procura de denominacións que teñan probabilidades de ser a que buscamos. Así, cando atopamos un texto coma o seguinte.

*O viño tinto faise a partir do mosto das uvas tintas fermentado xunto coas partes sólidas da uva (o cangallo, pebidas, etc.).*

vemos que *cangallo* pode ser a denominación que estamos buscando, intuición que se amosará atinada ao comprobar o seu significado ('Cada unha das ramificacións que forman un acio') nun dicionario galego.

Esas buscas podemos emprendelas en documentación en papel ou en fontes electrónicas, pero como xa indicamos máis arriba, a imposibilidade de elaborar un corpus para cada investigación puntual obrigaranos a deseñar estratexias que optimicen o proceso de busca.

A vantaxe evidente das fontes electrónicas en canto a rapidez e flexibilidade de consulta vainas converter no material de traballo prioritario, de xeito que intentaremos tirar partido dos corpus textuais especializados cando existan e, cando non, trataremos Internet como un gran corpus no que é posible atopar información en múltiples linguas sobre calquera área de especialidade. Pola contra, o uso de fontes en papel vai ser limitado, dada a cantidade de tempo que cumpriría investir na súa consulta, a non ser que se trate de materiais claves no desenvolvemento da área de especialidade ou que posúan unha estrutura ou

unha presentación da información que facilitan o acceso rápido á microárea temática na que pode aparecer o concepto sobre o que investigamos (táboas de contidos moi detalladas, índices de materias e de termos citados...).

Un terceiro tipo de documentación ao que se pode recorrer son as fontes orais. A consulta a expertos da área de especialidade é unha práctica que pode resultar moi útil para a recolla de información puntual, xa que permite obter respostas nun prazo de tempo relativamente curto e fornece datos moi achegados aos usos realmente existentes nos ámbitos especializados.

## **2.2. *Aplicación ao contexto galego***

### **1 Busca en dicionarios ou vocabularios multilingües**

A produción terminográfica galega, xulgada tanto a nivel cualitativo como cuantitativo, está en xeral por baixo das necesidades dos usuarios deste idioma en contextos científicos, técnicos e profesionais, e iso a pesar de que nos últimos cinco ou seis anos o panorama parece estar mellorando progresivamente, e tanto o número como a calidade dos traballos editados segue unha liña claramente ascendente<sup>10</sup>. Así mesmo, o uso das novas tecnoloxías para optimizar a difusión dos dicionarios ou vocabularios editados é, aínda que crecente, claramente minoritario. Por todo isto, a busca das denominacións segue tendo como corpus básico as fontes en papel.

Nestas circunstancias, dispoñer dun repertorio amplo e actualizado de dicionarios e vocabularios que atendan ao galego é unha necesidade peremptoria, necesidade que pode cubrirse coa consulta frecuente na Bilega ou en calquera dos catálogos e repertorios bibliográficos mencionados en 1.2.

A pesar do devandito, se sumamos as limitacións impostas polo volume e as características da produción terminográfica galega por un lado, e os problemas que se derivan da súa difusión centrada no soporte papel (fundamentalmente as lim-

---

<sup>9</sup> Aínda que só fagamos referencia a estes centros neste momento, é evidente que podemos recorrer ao seu asesoramento en calquera momento da investigación, especialmente para determinar se xa circula en galego algun-

itaci3ns para a actualizaci3n e o tempo que require a súa consulta) polo outro, non pode sorprendernos que a utilidade destes produtos na resoluci3n de dúbidas vaia diminuíndo aceleradamente a medida que estas comezan a proceder de ámbitos moi especializados ou acabados de incorporar á vida social.

## 2 Busca en documentaci3n especializada

No caso galego, a utilidade da consulta en corpus documentais electr3nicos vese condicionada polo escaso n3mero de ferramentas deste tipo que se axusten aos nosos intereses: na actualidade s3 podemos acceder ao Corpus de Referencia do Galego Actual –CORGA– e ao Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo –CLUVI–.

O primeiro é un banco de textos galegos, desenvolvido desde o Centro Ramón Piñeiro para a Investigaci3n en Humanidades e accesible a través de Internet no enderezo <http://corpus.cirp.es/corga/>, que conta con 17,6 millóns de formas<sup>11</sup>, pero que non se centra na recolla de documentos especializados, sen3n que abrangue terreos moi diversos (literarios, ensaísticos, xornalísticos, lingua oral...) co fin de ofrecer un panorama da “suficiente amplitude para seren considerados representativos do uso lingüístico do galego actual”. Polo tanto, temos que asumir que existe unha alta probabilidade de que non nos sexa útil para documentar termos que pertencen a ámbitos moi especializados.

O segundo é un corpus de textos especializados galegos que conta con documentaci3n das áreas xurídico–administrativa, biolóxica, informática, gastron3mica, pesqueira e de axuda humanitaria, sumando un total duns catro millóns de palabras<sup>12</sup>. Está constituído como un corpus paralelo no que ademais de documentar o uso dunha denominaci3n nun idioma podemos saber c3l é o seu equivalente noutra lingua. É consultable no enderezo <http://sli.uvigo.es/CLUVI/> pero a forma na que vai medrando –por agregaci3n de novas áreas a través de subcorpus– provoca que a súa utilidade se limite aos poucos campos polo de agora incluídos.

ha denominaci3n para o concepto sobre o que traballamos ou se desde esas entidades se est3 intentando implantar no uso alg3n neoloxismo para denominalo.

Visto isto, a vía máis interesante vai ser a que aproveita a Internet como corpus documental no que é posible rastrexar o uso real de determinados termos. Con todo, a rendibilidade deste procedemento vaise ver limitada por dúas cuestións: a escasa penetración do galego neste novo medio, aínda comparándoo con linguas que teñen un número de falantes semellante<sup>13</sup>, e o feito de que a maioría dos buscadores non permitan que o idioma galego funcione como criterio de filtraxe<sup>14</sup>. Só dous –Alltheweb e Terra<sup>15</sup>– incorporan esta posibilidade, pero contan cun número moi baixo de páxinas indexadas en galego, o que provoca que as buscas non ofrezan resultado ningún con demasiada frecuencia.

Unha maneira de intentar superar esta pexa é elaborar un filtro propio que permita seleccionar as páxinas galegas de entre o corpus total de documentos a que se ten acceso a través dun buscador. Este filtro debe basearse na presenza dunha serie de palabras moi frecuentes nun idioma concreto (no caso do galego, por exemplo *é, co/coa/cos/coas, unha, do/da/dos/das...*), e na ausencia doutras que son moi frecuentes en linguas próximas estruturalmente (*es, um, uma, com...*). Este é o mecanismo que segue, por exemplo, o buscador CiberCerques Multilingües (<http://terminotica.upf.es/multcerq.htm>) da Universitat Pompeu Fabra, pero tamén podemos aplicalo sobre calquera dos buscadores máis habitualmente empregados (Google, Altavista, Yahoo, NorthernLight...).

- Vocabulario electrotécnico internacional (en-fr-es-de) (vocabulario da Comisión Electrotécnica Internacional) <<http://domino.iec.ch/iev/iev.nsf/Welcome?OpenForm>>
- Glossário da energia (pt-en) <[http://www.cteep.com.br/informacoes/centro\\_inf\\_ref/glossario/glossario\\_energ/glossario\\_a.htm](http://www.cteep.com.br/informacoes/centro_inf_ref/glossario/glossario_energ/glossario_a.htm)>

- Diccionari de construcció (ct-es-fr-en) (Departament de Política Territorial i Obres Públiques da Generalitat de Catalunya) <<http://www3.gencat.es:81/ptop/diccion.htm>>
- Diccionario técnico téxtil (en-es-fr-de) <<http://www.bemarnet.es/textil/default.php?idio=002>>
- Dicionário de termos náuticos (en-pt-es-fr) <<http://www.edinfor.pt/anc/ancdicio-fra.html>>
- Terminologia naval (pt-es-en) <<http://www.sindmar.org.br/pub/terminologia/naval/portuguese/anav.htm>>

### **Telecomunicacions**

- Termite (en-fr-es-ru) (banco de termos da União Internacional de Telecomunicacions) <<http://www.itu.int/terminology/index.html>>

### **Zooloxia**

- Diccionario de especies pesqueras (es-en-pt-fr) <<http://www.pesca2.com/diccionario/listado.cfm?indice=1&letra=97>>
- Fishbase (en-es-fr-de) (banco de datos de especies de peixes) <<http://www.fishbase.org/search.html?server=IFM-Kiel>>
- Diccionario multilingüe del caballo (en-fr-es-de) <<http://pages.globetrotter.net/bouletjc/vc2e/searvc2.htm>>

### *Bancos ou dictionarios monotemáticos e monolingües*

#### **Física**

- Glosário de física atómica e de partículas (pt) <<http://www.coimbra.lip.pt/atlas/Geração>>

#### **Medicina e ciencias da saúde**

- On-line Medical Dictionary (en) <<http://cancerweb.ncl.ac.uk/omd/>>

- Diccionario ilustrado de términos médicos (es) <<http://www.iqb.es/Diccio/Diccio1.htm>>
- Glosario de términos (Imsero) (es) <[http://www.seg-social.es/imsero/otros/docs/i0\\_glosa.html](http://www.seg-social.es/imsero/otros/docs/i0_glosa.html)>

### **Química**

- Dicionário Rossetti de química (pt) <<http://www.rossetti.eti.br/dicuser/index2.asp>>
- Glosarios da IUPAC (Unión Internacional de Química Pura e Aplicada) (en) <<http://www.chem.qmw.ac.uk/iupac/index.html>>

### **Sector agroforestal**

- Voc. de botánica forestal (es) <<http://mipagina.euskaltel.es/ramonzubiaur/ceballlos.html>>
- Dicionário florestal (pt) <<http://www.silviconsultores.pt/silvinet/dicion/dicion.htm>>
- Glossário enológico (pt) <<http://www.e-mercatura.net/html/pt/glossario.asp>>



## ANEXO III

### Algunhas notas sobre a produción terminográfica galega

É de sobra coñecido que, para as linguas minorizadas que loitan por acadar un uso social pleno, caso do galego, as iniciativas relacionadas coa terminoloxía adquiren unha utilidade suplementaria sobre as que posúen xenericamente en calquera lingua. Nelas, a modernización e a difusión do vocabulario dunha área concreta convértese nunha ferramenta que apoia e facilita a (re)introdución da variedade minorizada nese ámbito especializado, subindo así un paso máis no camiño da normalización. Xa que logo, en contextos coma o indicado, os traballos terminográficos deben integrarse dentro dun proxecto xeral de planificación lingüística, no cal serían unha peza máis dunha engranaxe que debe funcionar como un todo para acadar o obxectivo xeral que nel se estableza.

A responsabilidade de elaborar ese proxecto de actuación recae sobre os poderes públicos, no noso caso sobre a Xunta de Galicia. Pero como veñen sinalando desde hai anos diversos estudos (os máis recentes, Monteagudo e Bouzada, 2002a e 2002b) a Administración autonómica galega non foi quen de dotarse dun obxectivo e dunha planificación definidos que organicen e dean sentido ás diferentes accións de promoción da lingua que desde ela se desenvolven ou apoian.

O que é certo a nivel xeral éo tamén no ámbito concreto da terminoloxía. Quitadas excepcións moi contadas<sup>46</sup>, os poderes públicos autonómicos limitáronse a desenvolver un labor, necesario pero insuficiente, de edición e financiamento de iniciativas e proxectos desenvolvidos por outras entidades ou por persoas a título particular, ignorando completamente as vertentes da planificación, a coordinación e a difusión dos produtos que se elaboraban.

Estas carencias de deseño e organización provocan que na produción terminográfica galega convivan traballos de interese e valor moi heteroxéneo, tanto vistos desde un plano metodolóxico como desde un enfoque máis pragmático e utilitario.

---

<sup>46</sup> Nel recóllanse os seguintes campos: denominación problemática, denominación galega, equivalentes en portugués, castelán, francés, italiano, catalán, inglés, latín e galego medieval, contexto, posible definición, campo semántico, data, fonte e autor.

- Se tomamos como indicadores de calidade os que se citan nas distintas metodoloxías de traballo terminográfico (*vid.* por exemplo as recollidas en “Indicacións previas”): enfoque onomasiolóxico, estruturación conceptual da área, equipos de autores interdisciplinares... temos que recoñecer que os dicionarios ou vocabularios galegos incumpren con bastante frecuencia eses requisitos tanto polo que fai á súa elaboración como á súa presentación.
- Se nos achegamos a estes produtos cunha ollada máis pragmática a valoración outorgada será máis alta xa que –á parte das súas carencias metodolóxicas– moitos deles cumpren de forma aceptable a misión para a que foron deseñados: a de difundir a terminoloxía galega que se considera máis adecuada dentro dunha área de especialidade. Aínda así, seguen arrastrando pexas que limitan a súa utilidade, entre as que cómpre salientar:
  - Un escaso nivel de especialización.  
Os dicionarios e vocabularios abranguen áreas moi amplas das que só se analiza e propón a terminoloxía básica, moita dela xa recollida en dicionarios de lingua.
  - A concentración nunha serie de áreas.  
Un repaso rápido á relación de traballos citados no anexo I amósanos como determinados sectores (ciencias da vida, dereito, administración...) acumulan un número de referencias porcentualmente moi grande. Sumado ao baixo grao de especialización provoca que os contidos de determinadas obras se superpoñan nunha porcentaxe considerable, mentres que grandes áreas seguen carecendo de estudio terminográfico ningún.
  - Unha vinculación excesiva ao modelo “glosario bilingüe castelán–galego”. Este tipo de traballo ten unha vocación clara de axuda en labores de tradución, pero a súa propia concepción faino moi discutible como produto terminográfico, na medida en que se asume como propia do galego a estrutura conceptual doutra lingua, e o traballo limitase á busca de denominacións para os conceptos que a integran.
  - A ausencia frecuente de información sobre o concepto que se nomea. Esa información transmítese normalmente a través da definición, pero os dicionarios técnicos en galego son aínda produtos moi pouco frecuentes comparados con vocabularios e léxicos. Outras vías de transmitir algún tipo de información conceptual son presentar un contexto descritivo de uso ou



indicar de xeito detallado a área de especialidade a que pertence cada un dos termos, pero ningunha delas é unha práctica maioritaria nos traballos terminográficos galegos.

- Problemas de difusión, tanto dos repertorios como de información sobre a súa existencia.

Especialmente grave é a primeira, que se manifesta na escasa distribución dos traballos por canles convencionais (librarías, bibliotecas...) ou alternativas (Internet), pero tamén na non-reedición destes logo de que se esgoten as primeiras edicións. Non é raro que, cando unha persoa descobre un determinado recurso terminográfico non saiba cómo conseguir un exemplar. Como moitas veces vai ser imposible compralo, xa que se trata de publicacións esgotadas ou descatalogadas, pódese optar pola vía do préstamo, ben a través das grandes bibliotecas galegas, ben dirixíndose a centros documentais como o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (<http://www.conselodacultura.org/arquivos/cdsg>) ou o Termigal ([termigal@cirp.es](mailto:termigal@cirp.es)).

Porén, aínda que o panorama descrito non sexa satisfactorio, unha ollada a 10 anos atrás obríganos a recoñecer avances considerables neste terreo das “actividades terminolóxicas”, aínda que algúns deles non deran os froitos agardados.

A maior esperanza constituíuna sen dúbida a creación en 1997 do Termigal (Servicio de Terminoloxía Científico-Técnica), a través dun convenio de colaboración entre o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (dependente da Dirección Xeral de Política Lingüística) e o Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega. Entre os obxectivos declarados que esta institución cita como propios (González González, 2000; Alvaríño Alvaríño *et alii*, 2001) recóllense:

- a planificación da investigación terminolóxica
- a elaboración de criterios metodolóxicos
- a elaboración de novos repertorios e a revisión crítica dos xa existentes
- o apoio técnico, informativo e documental ás administracións e á sociedade en conxunto
- o establecemento de relacións de cooperación con organismos semellantes doutras áreas lingüísticas

Seis anos despois da súa creación pódese dicir, sen pechar de pesimista, que a súa activi-

dade se centra na elaboración de repertorios e na cooperación con outros organismos, pero que é escasa ou nula no que ten que ver coa planificación, o deseño de pautas metodolóxicas e a difusión da terminoloxía entre os distintos sectores profesionais.

Outra cuestión importante, se se sabe tirar dela todas as súas potencialidades, é o feito de que por primeira vez existen en Galicia persoas formadas academicamente en lingua galega, e tamén en terminoloxía, neoloxía e traducción especializada. Estes novos profesionais (tradutores e filólogos saídos das aulas da Universidade de Vigo) poden aplicar os seus coñecementos na elaboración de produtos terminográficos de maior calidade. De feito, a súa participación xa se pode detectar no peso crecente que na listaxe do anexo I veñen adquirindo vocabularios ou glosarios froito de proxectos de fin de carreira.

As carencias na difusión dos repertorios e da información terminolóxica seguen sendo hoxe un grave problema. Con todo, aproveitando as potencialidades das novas tecnoloxías estanse poñendo en práctica iniciativas que facilitan unha ampla divulgación deses materiais. As máis frecuentes son a publicación dos dicionarios e vocabularios en Internet e a creación de roldas especializadas nas que se transmite información, se formulan dúbidas, se abren debates teóricos...<sup>47</sup>

No que ten que ver coa difusión exterior, diversas entidades como o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, Termigal ou o Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo forman parte de asociacións como AETER (Asociación Española de Terminoloxía) <[http://racefyn.insde.es/AETER/indice\\_AETER.htm](http://racefyn.insde.es/AETER/indice_AETER.htm)> ou Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía) <<http://www.realiter.net/>>, ou de proxectos internacionais como Linmiter <<http://www.linmiter.net>>, que se dedican á organización de actividades formativas ou de investigación, á elaboración de repertorios terminográficos, etc. Isto permite que investigadores ou profesionais galegos amplíen os seus coñecementos e experiencia a través do intercambio e que o propio galego como idioma figure nesas iniciativas como lingua de traballo.

---

<sup>41</sup> *Vid.* máis información sobre este proxecto en Galanes Santos, Gómez Méixome e González Montañés [en liña].

## ANEXO IV

### A adaptación de préstamos por importación<sup>48</sup>

Usamos a etiqueta de "préstamos por adaptación" ou de "adaptacións" simplemente para referirnos a un subtipo de préstamos por importación que integran no galego un significante doutra lingua pero adaptándoo ás pautas gráficas e fonéticas da lingua receptora.

Dentro del inclúense, polo tanto, préstamos que aínda están empezando a galeguizar a súa pronuncia sen alterar a grafía como **ballet** ([ba'lɛt]) ou **fagot** [fa'ɣot] -do francés *ballet* ([balɛ]) e *fagot* ([fa'go])– e outros que modifican a grafía sen mudar a pronuncia –**gneis**, do alemán *Gneiss*, **shérif** do inglés *sheriff*...; pero tamén outros que adaptaron ambos os dous planos da denominación –**estándar** ([es'tãɗar]) ou **chalé** ([ʃa'lɛ]), do inglés *standard* ([ˈstændərd]) e do francés *chalet* ([ʃa'le]) respectivamente.

En xeral, o proceso de adaptación tende a achegarse, segundo os casos, a unha destas dúas vías:

- 1 Manter na medida do posible a fidelidade á grafía orixinal, subordinando o respecto pola pronuncia a este obxectivo –**folclore** (do inglés *folklore* [fəʊk'lɔ:r]), **váter** (do inglés *water-closet* ['wɔ:tə'kla:zət])...
- 2 Intentar reproducir a pronuncia da lingua emprestadora, axeitando a grafía o que sexa preciso –**búmeran** (do inglés *boomerang*), **fútbol** (do inglés *football*), neceser (do francés *nécessaire*)...–, ou modificando tanto o plano gráfico como o fonético –**boicot** (do inglés *boycott*), **chofer** (do francés *chauffeur*), **mitin** (do inglés *meeting*)...

Na adaptación dun préstamo inflúe un abano tan amplo de factores (lingüísticos e non lingüísticos) que non permiten indicar de xeito inequívoco cándo cómpre apostar pola adaptación priorizadora da grafía e cándo pola da pronuncia. Só é posible apuntar dúas tendencias xerais:

<sup>42</sup> As ligazóns que se citan nas distintas referencias deste anexo foron comprobadas o día 16 de xullo de 2003.

<sup>43</sup> Unha relación de fontes moito máis exhaustiva pode atoparse en Bilega –Bibliografía informatizada da lin-

- Se un grafema ou unha combinación de grafemas da palabra estranxeira non é posible no galego ou –sendo posible– representa un son moi afastado do orixinal, a adaptación tende a basearse na reprodución da pronuncia.

Por exemplo: **xampú** (inglés *shampoo*), **mitín** (inglés *meeting*), **lasaña** (italiano *lasagna*); **tallaríns** (italiano *taglierini*); **relé** (francés *relais*); **chofer** (francés *chauffeur*).

- Se a mesma secuencia gráfica representa na lingua emprestadora e na lingua receptora sons moi próximos, ou se é moi frecuente na fonotáctica galega, é probable que a adaptación se basee na grafía.

Por exemplo: **charter** (inglés *charter*), **volframio** (alemán *Wolfram*), **beixe** (francés *beige*), **folclore** (inglés *folk-lore*), **cebú** (francés *zebu*).

De aquí en diante presentaremos de xeito resumido as principais correspondencias que adoitan establecerse entre o galego e as linguas que con máis frecuencia lle emprestan termos a esta lingua, analizando por separado as que afectan ás vocais e as que afectan ás consoantes.

### ***A adaptación das vocais***

A primeira das tendencias arriba mencionadas crea unha serie de correspondencias entre secuencias vocálicas francesas ou inglesas e secuencias galegas debido á proximidade ou á identidade dos sons que representan<sup>49</sup>. As máis frecuentes son:

gua galega– <<http://airas.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html>>.

---

<sup>49</sup> Si recolleemos volumes que compilan investigacións puntuais (como algúns dos traballos de Luís Daviña Facal, por exemplo), ou análises dunha microárea de especialidade, aínda que abrangan un número relativamente

**GALICISMOS**

FRANCÉS	GALEGO	EXEMPLOS
-ai- ([ɛ])	-e- ([ɛ]) <sup>50</sup>	<i>biais</i> → <b>biés</b> ; <i>fraise</i> → <b>fresa</b> ; <i>relais</i> → <b>relé</b>
-ou- ([u])	-u- ([u])	<i>bouquet</i> → <b>buqué</b> ; <i>couplet</i> → <b>cuplé</b> ; <i>sioux</i> → <b>siux</b>
-au- ([o])	-o- ([o], [ɔ])	<i>landau</i> → <b>landó</b> ; <i>esquimau</i> → <b>esquimó</b> ; <i>vol-au-vent</i> → <b>volován</b>
-eu- ([œ])	-e- ([ɛ], [e])	<i>chauffeur</i> → <b>chofer</b>
-eau- ([o])	-o- ([ɔ])	<i>fricandeu</i> → <b>fricandó</b> ; <i>rondeau</i> → <b>rondó</b>
-ei- ([ɛ])	-e- ([ɛ])	<i>groseille</i> → <b>grosella</b>
-y- ([i], [j])	-i- ([i], [j])	<i>vichy</i> → <b>vichí</b> ; <i>boyard</i> → <b>boiardo</b>
-em-/-en- ([ɛ̃])	-am-/-an- ([aŋ]) <sup>51</sup>	<i>ensembler</i> → <b>ensamblar</b> ; <i>agrément</i> → <b>agremán</b>
-in- ([ɛ̃])	-en- ([eŋ])	<i>meringue</i> → <b>merengue</b> ; <i>satin</i> → <b>satén</b>

**ANGLICISMOS**

INGLÉS	GALEGO	EXEMPLOS
-ee- ([i:]; [i])	-i- ([i])	<i>beefsteak</i> → <b>bisté</b> ; <i>yankee</i> → <b>ianqui</b> ; <i>roastbeef</i> → <b>rosbif</b>
-oo- ([u:]; [u])	-u- ([u])	<i>boomerang</i> → <b>búmeran</b> ; <i>to tatoo</i> → <b>tatuar</b> ; <i>shampoo</i> → <b>xampú</b>
-ai- ([ɛi]; [ɛə])	-e- ([ɛ]; [e])	<i>cocktail</i> → <b>cóctel</b> ; <i>mohair</i> → <b>moher</b>
-ea- ([i:])	-i- ([i])	<i>leader</i> → <b>líder</b>
-y- ([ai])	-ai- ([aj])	<i>nylon</i> → <b>nailon</b>
-y- ([i]; [j])	-i- ([i]; [j]) <sup>52</sup>	<i>dandy</i> → <b>dandí</b> ; <i>yankee</i> → <b>ianqui</b> ; <i>penalty</i> → <b>penalti</b>

Outra vía de adaptación que podemos salientar é a que intenta resolver o problema que supón a articulación e a conservación dunha serie de sons estraños en posición inicial (**s-** [s]

pequeno de conceptos (como é o caso dalgunha das referencias de Penas Patiño e Pedreira López que se citan).

<sup>45</sup> As ligazóns que se citan neste anexo foron comprobadas o día 14 de xullo de 2003.

<sup>46</sup> A máis significativa de todas elas foi, sen dúbida, a creación de Termigal a comezos de 1997, a través dun convenio de colaboración entre o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (dependente da Xunta de Galicia) e o Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega.

+ consoante) ou final de palabra (-*t* [t], -*d* [d], -*p* [p], -*c* [k]...). A historia particular de cada palabra provocou resultados diferentes que se plasman, ben no mantemento do son consonántico (*coñac, rosbif, síux, skai...*), ben na súa eliminación (*bisté, estándar...*), ben no desenvolvemento antes ou despois dese son dunha vocal non etimolóxica (*vocal de apoio*) que permite a formación dunha nova sílaba -*bate* (do inglés *bat*), *esfumino* (do italiano *sfumino*), *vedete* (do francés *vedette*), *valse* (do francés *valse*), etc.<sup>33</sup>

A conclusión xeral de todo o que levamos dito ata o momento é que existe unha escasa vontade de naturalizar as palabras que chegan ao léxico galego: de feito, renúnciase conscientemente a intervir na súa grafía salvo nas contadas excepcións que indicamos e óptase, quer por integrais mantendo unha aparencia estraña, quer por conservalos como estranxeirismos. Isto supón o limitar o recurso ás vocais de apoio (moi empregado en portugués) a casos moi antigos e asentados na lingua.

### *A adaptación das consoantes*

Tamén sobre as consoantes van actuar tanto a tendencia que priorizaba o respecto da grafía -*champiñón* (do francés *champignon*), *chalé* (do francés *chalet*)- como a que se centraba no respecto da pronuncia -*xampú* (do inglés *shampoo*), *baldaquino* (do italiano *balzacchino*).

A continuación imos presentar unha listaxe das adaptacións consonánticas que se detectan con máis frecuencia e regularidade, pero lembrando outra volta que non son máis ca tendencias xerais e non padróns de aplicación sistemática.

- As consoantes dobres que representan un son igual ou moi próximo ao da correspondente consoante simple adoitan reducirse.

Por exemplo: *boicot* (do inglés *boycott*), *gneis* (do alemán *Gneiss*), *bacará* (do francés *baccara*), *tenis* (do inglés *tennis*), *túnel* (do inglés *tunnel*), etc.

<sup>47</sup> Actualmente están en funcionamento tres roldas centradas de maneira máis ou menos directa na problemática da terminoloxía en lingua galega. Trátase de Tradgal (<http://www.elistas.net/lista/tradgal>), Terminoloxía (<http://www.consellodacultura.org/interaccion/foros/terminoloxia.php>) e USC-Lexitem (<http://www.listas.usc.es/listas/usc-lexitem.html>).

<sup>48</sup> O contido deste anexo é unha reelaboración resumida de Rodríguez Río (1998).

- As grafías que en galego representan o son [k] (o -c- de **-c+a, o, u-** e o -qu- de **-qu+e, i-**) van ser moi empregadas para adaptar consoantes procedentes de sistemas alleos que representen o mesmo son ou algún moi similar.
  - O *-k-* ou o *-ck-* van ser as que máis veces se substitúen, en anglicismos **-canguro** (de *kangaroo*), **cóctel** (de *cocktail*), **ianquí** (de *yankee*)...-, xer-manismos **-cobalto** (de *Kobalt*), **zinc** (de *Zink*)...- etc.
  - O mesmo ocorre co *-qua-* e co *-ch+e, i-* do italiano **-acuarela** (de *acquarella*), **cuarteto** (de *quartetto*), **baldaquino** (de *baldacchino*), **lumaquela** (de *lumachella*)...

Esta segunda secuencia tamén é habitual en galego pero asóciase a sons afastados de máis ([k] en italiano e [tʃ] en galego) como para permitir unha adaptación baseada na pronuncia.

  - Tamén se substitúen por **-c+a, o, u-** e **-qu+e, i-** grafemas que representan ese mesmo son [k] ou outros moi próximos en préstamos que proceden en última instancia de linguas que posúen alfabetos distintos do latino<sup>54</sup>, como o ruso **-balalaica** (*balalaika*), **troica** (*troika*)-, o xaponés **-haraquiri** (*harakiri*), **quimono** (*kimono*)- ou o árabe **-cabila** (*qabila*), **cáfila** (*qafila*), **cuscús** (*kuskus*).
- O **-x-** ([ʃ]) permítenos adaptar varias grafías que no noso sistema só se poden conservar en estranxeirismos:
  - A máis importante delas é o **-j-** que representa distintos sons en anglicismos ([dʒ]), galicismos ([ʒ]), catalanismos ([ʒ]) e castelanismos ([x]).  
De aí se derivan denominacións galegas como **xersej** -do inglés *jersey*-, **xavelina** -do francés *javeline*-, **bosquexar** -do catalán *bosquejar*- ou **xota** -do castelán *jota*-.
  - Tamén se usa para mudar a consoante da secuencia **-g+e,i-** ao adaptar palabras francesas (nas que representa un [ʒ]), inglesas ([dʒ], [g]) ou italianas ([dʒ]).

<sup>49</sup> Cómpre non esquecer que se trata de tendencias e non de equivalencias sistemáticas, polo que vai ser posi-

Vémolo en **beixe** –do francés *beige*–, **xibón** –do inglés *gibbon*–, **xirándola** –do italiano *girandola*–...

- O *-sh-* ([ʃ]) do inglés vai pasar tamén a *-x-* **xampú** (*shampoo*), **xilin** (*shilling*), igual có *-tg-* ([tʃ]) do catalán **peaxe** (*peatge*).

Recórrase igualmente a el para adaptar os grafemas *-sh-* e *-š-*, cando estes se empregan para transliterar sons do ruso **caxemira** (*Kashmir*); **bolxevique** (*bolshevik*)– ou do árabe **haxix** (*hašiš*), **xequ** (*šaj*).

– O **-ch-** úsase:

- Para substituír o *-tx-* do catalán **boliche** (*bolitx*)– e do éuscaro **chabola** (*txabola*), **chacolí** (*txacolí*)–, **chaparro** –*txaparro*–, **chatarra** –*txatarra*–) xa que o son representado é sempre ([tʃ]).
- Para adaptar o *-ci-* ([tʃ]) do italiano **facha** (*faccia*), **salchicha** (*salsiccia*)–, xa que esta mesma secuencia gráfica representa en galego un son moi diferente ([θi]).
- Nunha liña contraria, para representar a adaptación da pronuncia de préstamos do francés como **béchamel**, **chassis**, **fétiche**. En casos coma este, a existencia do grafema **-ch-** nos dous idiomas, e o feito de que o son que representa sexa moi próximo en ambos ([ʃ] en francés e [tʃ] en galego) permite que sexa a grafía a que se conserve, o que provoca a aparición de formas galegas como **bechamel**, **chasis**, ou **fetiche**.

- A secuencia **-c+e**, **í-** ([θe], [θi]) vai substituír a **-z+e**, **í**, independentemente do son que a consoante represente nas distintas linguas ([z] no francés e no alemán e [ts] ou [dz] no italiano)<sup>35</sup>. Vémolo por exemplo en **cebú** –do francés *zebu*–, **cinc** –do alemán *Zink*–, **gaceta** –do italiano *gazzeta*–, etc.
- O **-n** final emprégase para representar o *-ng* ([ŋ]) presente en moitos anglicismos **puḍin** (*pudding*), **mitin** (*meeting*)...– ou o *-m* co que se translitera a consoante nasal oclusiva final dalgúns arabismos **harén** (*harīm*), **imán** (*imam*).

ble presentar outros casos que apuntan na dirección contraria, como **fauvismo** ([faw'βismo]) e **chauvinismo** ([tʃawβi'nismo]) –do francés *fauvisme* ([fo'vism]) e *chauvinisme* ([ʃovinism]) respectivamente–, ou **marine** ([ma'rine]) e **cricket** ([ˈkriket]) –do inglés *marine* ([mə'ri:n]) e *cricket* ([ˈkrikɪt]).



- Co **-ñ-** adáptase o grupo consonántico **-gn-** ([ɲ]) do francés **-coñac** (*cognac*), **viñeta** (*vignette*)– e do italiano **-lasaña** (*lasagna*), **piñata** (*pignatta*)–, a pesar de que esa secuencia tamén é posible en galego, xa que representa un son totalmente distinto ([ɲ]).
- O **-f** vai substituír o **-ph-** ([f]) dos galicismos **-celofán** (*cellophane*), **panfleto** (*pamphlet*)–, así como de cultismos formados por elementos gregos transmitidos a través do inglés **-dictáfono** (*dictaphone*).
- O **-ll-** substitúe o **-gli-** ([λ]) nos italianismos **-pallaso** (*pagliaccio*), **tallarín** (*taglierini*)–, tendo en conta que ambas as secuencias representan o mesmo son, tamén a distancia fonética que existe entre as secuencias homógrafas do galego e do italiano.



## BIBLIOGRAFÍA

- Aguirre Moreno, J. L.; A. Álvarez Lugris; X. Gómez Guinovart (2002): “Etiquetario morfosin-táctico del SLI para corpus de lengua gallega: aplicación al corpus paralelo TECTRA”, *Procesamiento del Lenguaje Natural*, 28, 23–34.
- Álvarez Blanco, R.; X. Xove Ferreiro (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- Alvariño Alvariño, M<sup>a</sup>. P. et alii (2001): “TERMIGAL, a terminoloxía científico-técnica en galego”, *Viceversa*, 6, pp. 203–237.
- Alves, I. M. (1996): “Projeto de Política Neológica para o Português do Brasil”, *Revista Internacional da Língua Portuguesa*, 15, pp. 53–57.
- Auger, P.; L.-J. Rousseau (1987): *Metodología de la recerca terminològica*. Tradución e adaptación de M. Teresa Cabré, Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya.
- Auger, P.; J.-C. Boulanger (1997): *Terminologie et terminographie. Notes de cours*. Quebec: Université Laval.
- Boullón Agrelo, A. I.; F. R. Tato Plaza (1990): “Tres propostas terminolóxicas para o léxico xurídico-administrativo a partir de fontes medievais”, *Cadernos de lingua*, 1, pp. 11–15.
- Cabré, M. T. (1992): *La terminologia. La teoria, els mètodes, les aplicacions*, Barcelona: Empúries.
- Cabré, M. T. (1998): “À propos de la notion de qualité en terminologie”, *La banque des mots*, número spécial 8, pp. 7–34.
- Carballeira Anllo, X. M. (coord.): (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*, Vigo: Xerais.
- Castaño Torrado, B.; M. González González (2001): “Algúns procedementos para chegar a unha solución terminolóxicas. Casos prácticos”, en Regueira, X. L.; A. Veiga (ed.) (2001): *Da gramática ó diccionario. Estudos de lingüística galega*, Santiago de Compostela: Universidade, pp. 59–70.
- Célestin, T.; G. Godbout; P. Vachon-L’Hereux (1984): *Méthodologie de la recherche terminologique ponctuelle: essai de définition*, Quebec: Gouvernement du Québec.

- Clavería, G.; J. Torruela (1993): “Formación de términos en los léxicos especializados en lengua española”, en Sager, J. C. (1993): *Curso práctico sobre el procesamiento de la terminología*, Fund. Sánchez Ruipérez, Madrid: Pirámide, pp. 335–340.
- Daviña Facal, L. (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde* (vol. 1: A–B, vol. 2: C), A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- De Yzaguirre, Ll. et alii (2000): “El seguimiento de la implantación de términos vía Internet: estrategias de cálculo y control”, relatorio presentado no VII Simposio Iberoamericano de Terminología, Fundação Gulbenkian, Lisboa, 14–17 de novembro. [en liña] <[http://terminotica.upf.es/membres/DE\\_YZA/PUBLI/CLAR.HTM](http://terminotica.upf.es/membres/DE_YZA/PUBLI/CLAR.HTM)>. [Consulta: 11/07/2003].
- Díaz Abraira, C. (1990): “Modelo de ficha lexicográfica. Dous modelos: turno e apremio”, *Cadernos de lingua*, 1, pp. 41–46.
- Dosil, B. (1997): *Palabras novas e nomes propios*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Dubuc, R. (1992): *Manuel pratique de terminologie*, Linguattech éditeur, 3ª edición.
- Freixeiro Mato, X. R. (1999): *Gramática da lingua galega III. Semántica*, Vigo: Ed. A Nosa Terra.
- Galanes Santos, I. (1999): “Métodos de traballo terminolóxico”, relatorio no Curso de iniciación á terminoloxía, Santiago de Compostela, novembro–decembro de 1999.
- Galanes Santos, I.; A. Gómez Méixome; A. González Montañés [en liña] *COM-FORMA: Unha achega pluridisciplinar á elaboración da terminoloxía xurídica galega*. <<http://sal.avogacia.org/cdcomforma/docs/artigo.pdf>>. [Consulta: 23/07/2003].
- García, C.; M. González González (dir.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña: Real Academia Galega.
- García Gondar, F. (dir.) (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Gómez Capuz, J. (1998): *El préstamo lingüístico. Conceptos, problemas y métodos. Cuadernos de Filología*, Anejo XXIX, Valencia: Facultat de Filologia de la Universitat de València.

- Gómez Guinovart, X. (2003): “A lingua galega en Internet” en Bringas, A.; B. Martín (ed.): *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*, Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo [no prelo].
- Gómez Guinovart, J.; A. Lorenzo Suárez (1994): *Vocabulario de informática*, Vigo: Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.
- Gómez Guinovart, J.; A. Lorenzo Suárez (2001): “Neología informática del gallego y equivalencias terminológicas en el corpus Xiga/SLI”, en Moreno, A. I.; Colwell, V. (ed.) *Perspectivas recientes sobre el discurso*, León: Universidad de León.
- González González, M. (2000): “Un Servicio de Terminología Galega, Termigal”, en Kremer, D. (ed): *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos : un século de estudos galegos, Galicia fóra de Galicia*, vol. 1, Sada: Edición do Castro, pp. 85–96.
- González González, M. (2001): “A terminología galega: un labor normalizador”, en Regueira, X. L.; A. Veiga (ed.) (2001): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*, Santiago de Compostela: Universidade, pp. 157–172.
- Gutiérrez Rodilla, B. (1998): *La ciencia empieza en la palabra: análisis e historia del lenguaje científico*, Barcelona: Península.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega. Versión provisional* [texto policopiado], Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Lorente, M. (2001): “Teoría e innovación en terminografía: la definición terminográfica”, en *La terminología científico-técnica*, Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada / Universitat Pompeu Fabra, pp. 81–112.
- Monteagudo, H.; X. Bouzada (coord.) (2002a): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua.

- Monteagudo, H.; X. Bouzada (coord.) (2002b): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua.
- Novo Folgueira, P. (1988): *Vocabulario dos deportes*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Organisation Internationale de Normalisation –ISO– (1996): *ISO 860: Travaux terminologiques – Harmonisation des notions et des termes*.
- Organisation Internationale de Normalisation –ISO– (1999): *ISO 12620: Aides informatiques en terminologie – Catégories de données*.
- Organisation Internationale de Normalisation –ISO– (2000): *ISO 704: Travail terminologique – Principes et méthodes*.
- Pavel S.; D. Nolet (2001): *Manual de terminología*. [en liña] Versión portuguesa. Ministère des Travaux Publics et Services Gouvernementaux du Canada <[http://www.translationbureau.gc.ca/pwgsc\\_internet/fr/publications/gratuit\\_free/man\\_termino\\_f.htm](http://www.translationbureau.gc.ca/pwgsc_internet/fr/publications/gratuit_free/man_termino_f.htm)>. [Consulta: 11/07/2003].
- Rede panlatina de terminoloxía –Realiter– (ed.) (2001): *Léxico panlatino de Internet*. [en liña]. Quebec: Rede Panlatina de Terminoloxía <[http://www.traslationbureau.gc.ca/pwgsc\\_internet/fr/publications/gratuit\\_free/lex\\_panlatin\\_f.htm](http://www.traslationbureau.gc.ca/pwgsc_internet/fr/publications/gratuit_free/lex_panlatin_f.htm)>. [Consulta: 11/07/2003].
- Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*, Vigo: Xerais.
- Rei Doval, G. (1993): “Sobre planificación léxica da lingua galega. No 25 aniversario de *Introduction to a theory of Language Planning* de Valter Tauli”, *Cadernos de lingua* 7, pp. 53–75.
- Reyes Oliveros, F.; C. García González (dir.) (2002): *Diccionario galego de termos médicos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rodríguez Río, X. A. (1996): “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades”, *Cadernos de lingua*, 13, pp. 35–74.
- Rodríguez Río, X. A. (1998): “O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego”, *Verba*, 25, pp. 293–322.

- Rodríguez Río, X. A. (2002): “La terminología en Galicia: algo parece moverse” in Correia, M. (ed.) *Terminologia, desenvolvemento e identidade nacional. VI Simpósio Iberoamericano de Terminología*, Lisboa: ILTEC – Ed. Colibri, pp. 839–849.
- Romero, D.; I. Vaquero (2001): *Da periferia á rede: Internet en Galicia, lingua e contidos*, Vigo: Xerais.
- Rondeau, G. (1983): *Introduction à la terminologie*, Chicoutimi (Quebec): Gaëtan Morin.
- Rousseau, L.-J. (1995): “Principes méthodologiques du travail terminologique au sein du Réseau de terminologie – Realiter”, *Terminologies nouvelles*, 14, pp. 82–84. [en liña] <<http://www.rint.org/cadreindex3.htm>>. [Consulta: 11/07/2003].
- Sager, J. C. (1993): *Curso práctico para el procesamiento de la terminología*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Santamarina, A. (1985): “A documentación dialectal no establecemento dunha lingua administrativa”, *Revista de Administración Galega*, 1, pp. 109–118.
- Souto González, M. et alii (1998): *Léxico de urbanismo, construcción e arquitectura castelán-galego*, Santiago / Vigo: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia / Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
- Termcat (1990): *Metodología del treball terminologic*, Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya.
- Termcat (1990a): *Manlleus i calcs en els treballs de terminologia catalana*, Barcelona: Termcat.
- Termcat (1990b): *Formació de termes amb elements cultes*, Barcelona: Termcat.
- Unesco (1995): *UNESCO thesaurus = Thesaurus de l'Unesco = Tesouro de la Unesco*, Paris: Unesco Publishing. [en liña] <<http://www.ulcc.ac.uk/unesco/>> [Consulta: 11/07/2003].
- VV. AA. (1998): *Interval. Final report*. [en liña] <[http://www.computing.surrey.ac.uk/ai/new\\_interval/final\\_report/final\\_report.html](http://www.computing.surrey.ac.uk/ai/new_interval/final_report/final_report.html)>. [Consulta: 11/07/2003].
- Wright, S. E.; G. Budin (1997): *Handbook of terminology management*, Amsterdam: John Benjamins, 2 vols.

<sup>50</sup> Esta equivalencia non se cumpre cando despois da secuencia *-ai-* aparece o fonema lateral palatal ([ɬ]), xa que neses casos tampouco o francés emprega o son [ɛ].

<sup>51</sup> Esta correspondencia e maila seguinte son menos sistemáticas cás outras que estamos presentando; por iso non é difícil atopar contraexemplos que, en casos semellantes, respectan a grafía e modifican a pronuncia.

<sup>52</sup> Esta correspondencia serve tamén para galeguizar préstamos procedentes de linguas que empregan alfabetos non latinos, normalmente chegados a nós a través do castelán e en menor medida do inglés, francés ou portugués. O feito de que nestes idiomas se recorra con frecuencia ao *-y-* para adaptar sons próximos articulatoriamente ao [i] provoca que en galego se use directamente *-i-* (*ayatollah aiatolá, shoyu soia, yen ien, yoga ioga, yo-yo ioió...*).

---

<sup>53</sup> A aparición dunha vocal de apoio vai ser máis frecuente nos préstamos máis antigos *-esterlina* (do inglés *sterling*), *tanque* (do inglés *tank*)...- ou cando a palabra emprestada remataba graficamente en vocal *-rifle* (do inglés *rifle*), *blonda* (do francés *blonde*)...

Se non se cumpre ningunha desas dúas condicións é frecuente ver cómo os préstamos manteñen sons estraños no proceso de adaptación *-mamut* (do francés *mammouth*), *iceberg* (do inglés *iceberg*).

---

<sup>54</sup> Cómpre non esquecer que o que realmente se adapta ao galego é a transliteración que unha das linguas de gran difusión do noso contorno fixo dese préstamo.

---

<sup>55</sup> Estamos perante un exemplo de adaptación baseada na grafía xa que, no canto de cambiar o son estranxeiro polo máis semellante do noso sistema ([s] ou [tʃ] respectivamente), emprégase aquel que o grafema *-z-* simboliza cando a ortografía do galego permite a súa aparición (*-z+a, o, u-*).





CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL + SECCIÓN DE  
ARQUITECTURA + SECCIÓN DE COMUNICACIÓN. Arquivo de Comunicación +  
SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE CULTURA GALEGA NO  
EXTERIOR. Arquivo da Emigración Galega + SECCIÓN DE LINGUA.  
Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia + SECCIÓN  
DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. Arquivo Sonoro de Galicia +  
SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO + SECCIÓN DE  
ARTES PLÁSTICAS + SECCIÓN DE PATRIMONIO NATURAL  
+ SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE +

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

TEL. 981 95 72 02 - FAX 981 95 72 05 • WEB <http://www.consellodacultura.org>